

ORZAMENTO 2018

Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

MEMORIA

1. Introducción

O Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela establece, no seu artigo 67, entre as atribucións da Xunta de Goberno a de “redactar os orzamentos e render contas anuais” (apartado d, 2º).

O artigo 91 recolle que na segunda xunta xeral ordinaria (segunda do ano) se dará lectura e se aprobará, se procede, o orzamento formado pola Xunta de Goberno para o seguinte ano.

O proxecto de orzamento do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para o exercicio 2018, que se presenta e se somete á aprobación da Xunta Xeral Ordinaria, supón a valoración económica das actividades que esta institución ten previsto desenvolver durante o próximo exercicio de acordo coa execución dos seus fins de actuación.

Este orzamento, tanto na súa forma coma no seu contido, representa a vontade de seguir avanzando na modernización do Colexio de Avogados, nos seus mecanismos de xestión e, sobre todo, en adaptar a súa infraestrutura ás novas tecnoloxías. Así pois, cobra centralidade o gasto destinado á formación continua dos colexiados ou o investimento en recursos telemáticos, como é o caso da contratación dunha biblioteca en liña e a posta en marcha do expediente e do rexistro electrónicos.

O proxecto de orzamento para o exercicio 2018 foi confeccionado consonte as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade e as normas de información orzamentaria de entidades sen ánimo de lucro.

Este orzamento é continuísta, cun incremento de aproximadamente un 5 % en relación co exercicio anterior. O seu obxectivo básico é mellorar as prestacións dos servizos que ofrece o Colexio, de acordo coas fontes de financiamento coas que contamos, destacando os traballos e os investimentos que se realizarán no ámbito da formación continua dos colexiados e das novas tecnoloxías.

2. Estado de gastos

Os gastos ascenden a 897.027 €.

As variacións máis importantes en relación co orzamento do exercicio anterior son as seguintes:

- Incrementáanse a partida 6291, correspondente a formación, xornadas e cursos, co fin de continuar a liña marcada de ofrecer unha programación adecuada en formación continua para os colexiados.
- Incrementáanse considerablemente as partidas 649.1, 649.4 e 623.5, destinadas aos pagamentos aos letrados que prestan os servizos de asesoramento a alumnado da USC, letrados do servizo de mediación penal, letrada do servizo de mediación familiar, letrados dos servizos de asesoramento en materia de desafiuzamentos e convivencia veciñal. O incremento é debido á sinatura de novos convenios coa Administración

autonómica e co Concello de Santiago de Compostela nos que a contía se incrementou.

- Incrementábase a partida 602.8007, debido á implantación para o ano 2018 do expediente e do rexistro electrónicos.
- Incrementábase a partida correspondente á biblioteca para facer fronte ao pagamento da nova ferramenta telemática Biblioteca On line de Sepin, dispoñible para os Colexiados na páxina web do Colexio.
- Incrementábase a partida correspondente a salarios, debido á contratación a media xornada dun traballador para a oficina dos xulgados e motivada polo considerable aumento de traballo dende a incorporación dos catro novos partidos xudiciais. Ademais, os soldos serán actualizados co IPC correspondente.
- O resto das partidas non sofren modificacións importantes.

3. Estado de ingresos

Os ingresos ascenden a 897.027 €.

As variacións máis importantes en relación co exercicio anterior son as seguintes:

- As cotas colexiais periódicas non sofren ningunha modificación. Non se lle aplicará o incremento do IPC e manteranse as mesmas contías do exercicio 2017, cando se reduciron en 40 euros anuais.
- En canto ás cotas de incorporación (altas), tanto para exercentes como para non exercentes, quedan fixadas en 300 euros, como no exercicio anterior.
- Incrementábase a partida correspondente a cotas periódicas debido ao incremento de Colexiados durante o exercicio anterior.
- Incrementábase considerablemente todas as partidas de “ingresos por subvencións”, debido a que se aumentou a subvención recibida da Dirección Xeral de Xustiza por gastos de infraestruturas da quenda de oficio ao incrementarse as xustificacións das actuacións da quenda de oficio (a raíz do incremento de letrados, quendas e o ámbito territorial do Colexio). Así mesmo, incrementábase as subvencións recibidas polos convenios de mediación penal, vivenda e conflitos veciñais.
- En relación co resto das partidas de ingresos, non se producen variacións destacables.

Conclusións

Elaborouse un orzamento de gastos e ingresos continuísta e adecuado á situación financeira desta institución, asegurando sempre o bo funcionamento da corporación e o mantemento de todos os seus servizos.

Por todo isto, e co obxecto de atender as diversas obrigas que son competencia do Colexio, a Xunta de Goberno propón á Xunta Xeral a aprobación deste orzamento de gastos e ingresos para o exercicio 2018.

	GASTOS	897.027
	I.- SERVICIOS E ACTIVIDADES	329.000
	1.1 ACTIVIDADE ORDINARIA	46.000
601.2 601.3 601.1 654	1.1.a. Actos corporativos organizados polo Colexio	40.000
651.1, 651.2 ,6292	1.1.b Actos corporativos non organizados polo Colexio	6.000
	1.2 OUTRAS ACTIVIDADES	231.000
65	1.2.a Bolsas Escola Práctica Xurídica	3.000
625.1,625.4	1.2.b Seguro responsabilidade civil	220.000
625.2	1.2.c Outros seguros - Accidentes quendas de oficio	4.500
625.5	1.2.d Póliza decesos	3.500
	1.3 OUTROS SERVICIOS	52.000
6292	1.3.a Congresos e outras actividades	6.000
6291 ,6291.1 ,6291.2, 623,1	1.3.b Formación, xornadas e cursos. Clases de inglés	46.000
	II.- SUBMINISTRACIÓNS	214.200
	2.1 SERVICIOS DE PROFESIONAIS INDEPENDENTES	68.000
623 629.14	2.1.a. Xestoría, asesoría contable e gab.comunicación	14.000
649.1, 649.4, 623.5	2.1.b Letrados, ases. USC, mediación, IGVS	52.000
649 ,649.3	2.1.c Gastos desprazamentos quenda de oficio	2.000
	2.2 GASTOS SEDE COLEXIAL	28.900
622.1, 622,2	2.2.a Reparacións e conservación (limpeza e outros)	18.000
622.3	2.2.b Sistemas de seguridade	600
6282	2.2.c Auga e outros	300
6281	2.2.d Luz	7.000
625	2.2.e Primas de seguros (local e seguro comunidade)	3.000
	2.3 GASTOS OFICINA	39.800
602	2.3.a Material de oficina	15.000
6028007	2.3.b Mantemento informático (SIGA e Regtel)	16.800
629	2.3.c Gastos diversos	6.000
	2.3.d Material informático	2.000
	2.4 COMUNICACIÓNS	9.000
629.6	2.4.a. Mensaxería	5.000
6283.1 ,628.3 ,6283.3	2.4.b Telefonía	2.500
629.2	2.4. c Correo	500
629.5	2.5.d Outros	1.000
	2.5 ARRENDAMENTOS	5.000
621.7	2.5. a Renting	5.000
	2.6 BIBLIOTECA	52.000
6028006	2.6.a. Adquisición libros (códigos e outros)	4.000
6293000	2.6. b Subscricións e bases de datos. Biblioteca online	22.000

	2.6.c Bases de datos ICA Santiago - web	26.000
	2.7. OUTROS GASTOS COLEXIAIS	11.500
629.7	2.7.a Guía colexial	4.500
629.8	2.7.b Carné colexial	1.500
629.11	2.7.c Adquisición de togas	2.500
629,13	2.7.d Revista colexial	1.000
629,1	2.7.e Páxina web - mantemento	2.000
	III.- PERSOAL	284.100
	3.1. GASTOS DE PERSOAL	284.100
64 ,641	3.1.a Soldos e salarios	201.400
642	3.1.b Seguridade Social	65.000
64.25	3.1.c Gastos de persoal EPX	17.700
	IV,- OUTROS GASTOS	2.600
	4.1.OUTROS GASTOS	2.600
631	4.1.a. Contribucións e impostos	1.600
678	4.1.b Gastos extraordinarios	1.000
	V.- TRANSFERENCIAS CONSELLOS	67.127
	5.1 TRANSFERENCIAS CONSELLOS	67.127
620	5.1. Censo Consello Xeral Avogacía (cota ordinaria) - Cota novas tecnoloxías	50.855
620.1	5.2. Censo Consello Avogacía Galega (25 % censo letrados)	16.272
	INGRESOS	897.027
	I.- INGRESOS PROPIOS	883.027
	1.1PRESTACIÓN DE SERVICIOS	205.900
705.7	1.1.a. Ditames e informes	6.000
705.2	1.1.b Certificacións	0
705,3	1.1.c Cursos e xornadas	1.000
705.4,705.5,705.9, 754.0	1.1d Outros ingresos	3.000
721,6	1.1.e Cotas seguro resp. civil	195.000
705.6	1.1.f P.I. Catastral	900
	1.2 COTAS COLEXIAIS	562.127
721.2	1.2.a. Cotas de incorporación	10.000
721,1	1.2.b Cotas periódicas	485.000
721.4	1.2.c Cotas CXAE e Consello Avogacía Galega	67.127
	1.3 INGRESOS POR SUBVENCÍONS	115.000
74.1, 74.2	1.3.a Infraestrutura quenda de oficio e SOX	45.000
74.3	1.3.b. Subvencións Xunta de Galicia (galego e mediación familiar)	52.000
741	1.3.c Outras subvencións (USC, Concello)	18.000
	II.- INGRESOS FINANCEIROS	500

	2.1. XUROS CONTA CORRENTE	500
	III.-OUTROS INGRESOS	13.500
	3.1. VARIOS	13.000
755	3.1.a San Raimundo	9.000
759,778 754,1	3.1.b Outros ingresos	4.000
	3.2 PATROCINIOS E PUBLICIDADE	500
723	3.2.a Publicidade revista, guía colexial e web	500

**APROBADO POR XUNTA XERAL
ORDINARIA DO 27-XII-17**